lectura fácil

FADEMGA Plena inclusión Galicia

Eleccións Autonómicas

12 de Xullo de 2020

Que pasos debo seguir para votar por correo?

XUNTA DE GALICIA

FADEMGA Plena inclusión Galicia

Adaptación:
Irene Fandiño Parrado.
Mª Dolores Portela León.
Mónica Serrano Soto.
FADEMGA Plena inclusión Galicia

Diseño:
Gabriel Rodríguez Villar
Asociación AMICOS

Validación por:
Pedro Pillado Feijó.
Lucía Rivera Mirás.
Vanesa Suárez Brenlla.

Ilustracións:
ARASAAC (http://catedu.es/arasaac/)
Deputación General de Aragón I
Licencia Creative Commons (BY-NC-SA).

Logotipo europeo de lectura fácil en la portada: © Inclusion Europe.
Máis información en www.inclusion-europe.org/etr

FADEMGA
Plena inclusión Galicia

XUNTA DE GALICIA

Que pasos debo seguir para votar por correo?

1 Cubrir a solicitude de voto por correo.



Podes cubrir a solicitude para votar por correo de 3 formas.
Só podes elixir 1 forma de cubrir a solicitude.
O último día para presentar a solicitude é o día 2 de xullo..

- **1.** Podes pedir e cubrir a solicitude
  en calquera oficina de correos.

- **2.** Podes cubrir a solicitude no ordenador.
  Despois tes que imprimir a solicitude,
  asinala e entregala en calquera oficina de correos.
  Podes cubrir a solicitude de voto por correo neste enlace:
  https://eleccionsgalicia2020.gal/Eleccions2020_72_g-Voto_por_correo

- **3.** Podes cubrir e enviar a solicitude por ordenador
  sen ir a unha oficina de correos.
  Só as persoas con sinatura electrónica
  poden enviar a solicitude por ordenador.
  Podes cubrir e enviar esta solicitude neste enlace:
  https://epostal.correos.es/OV2PREENVWEB/jsp/miofici navirtual/procelect/homProcElect.faces#!

2 Entregar a solicitude nunha oficina de correos.

Se non enviaches a solicitude por ordenador
debes entregala cuberta e asinada
en calquera oficina de correos

Debes entregar a solicitude en persoa.
Tes que levar o teu DNI, pasaporte ou permiso de conducir
para mostrarllo ao persoal de correos.
O documento ten que ser orixinal,
non vale unha fotocopia.

Se non podes ir en persoa á oficina de correos
pode ir outra persoa por ti.
Esta persoa ten que levar
un certificado médico e un permiso do notario
para entregar a túa solicitude.

O certificado médico pode facelo o teu médico.
O teu médico debe explicar no certificado médico
por que ti non podes ir á oficina de correos.
O notario ten que dar permiso á persoa que ti elixas
para entregar a túa solicitude na oficina de correos.
O notario fai o permiso gratis.

3 Recibir os documentos para votar por correo.

A partir do día 22 de xuño
recibes na túa casa
unha carta cos documentos para votar por correo.

Os documentos chéganche por correo certificado.
Tes que ensinar o teu DNI, pasaporte ou permiso de conducir
á carteira ou carteiro.

Se non vas estar na casa cando chegue a carta
podes darlle permiso a outra persoa para que a recolla.
A persoa que recolla a carta certificada
ten que entregar ao carteiro ou carteira
unha fotocopia do teu DNI, permiso de conducir ou pasaporte.
Tamén ten que entregar un permiso asinado por ti.

Na carta certificada chéganche os seguintes documentos:

- Un sobre oficial para enviar os documentos.
- O certificado de inscrición no censo electoral.
  O censo electoral é unha lista das persoas que poden votar.
- Papeletas de todos os partidos políticos que se presentan.
- Un sobre branco para meter a papeleta

4 Preparar o voto por correo.

Debes meter no sobre branco
a papeleta do partido que queras votar.



Despois tes que meter no sobre oficial os seguintes documentos:

- O certificado de inscrición no censo electoral.
- O sobre branco coa papeleta que elixiches.
- Unha fotocopia do teu DNI.

O sobre oficial é o sobre máis grande.

5 Entregar o voto ao carteiro.

Podes pedirlle ao carteiro ou carteira
que espere mentres preparas o teu voto.
Despois de preparar o teu voto
dalle o sobre oficial á carteira ou carteiro.
O carteiro ou carteira darache un xustificante de que xa votaches.

6 Entregar o sobre oficial nunha oficina de correos.

Se non entregaches o teu voto á carteira ou carteiro
debes levalo a calquera oficina de correos.
O voto por correo mándase por correo certificado.
Enviar o voto por correo certificado é gratis.
O 10 de xullo é o último día para entregar o teu voto
na oficina de correos.

Se non podes ir en persoa á oficina de correos
pode ir outra persoa por ti.
Esta persoa ten que levar
un certificado médico e un permiso do notario
para entregar o teu voto.

O certificado médico pode facelo o teu médico.
O teu médico debe explicar no certificado médico
por que ti non podes ir á oficina de correos.
O notario ten que dar permiso á persoa que ti elixas
para entregar o teu voto na oficina de correos.
O notario fai o permiso gratis.

O teu voto é importante.

Vota por correo
se non podes votar
no teu local electoral

As eleccións Autonómicas da Xunta de Galicia son o domingo 12 de xullo de 2020

Para máis información podes enviar un correo a:
areasocial@fademga.org

XUNTA DE GALICIA

FADEMGA
Plena inclusión Galicia

AMICOS .org